

TAREFA 6. VERDURAS

Nesta tarefa continuamos completando o menú. O primeiro prato será a base de verduras ecolóxicas.



Actividades

1	➡ Para iso, tedes que comezar por informarvos sobre a agricultura ecolóxica e os seus beneficios nas seguintes ligazóns: 🔗 Ecovalia: Características: https://www.ecovalia.org/que-son-los-productos-eco/ 🔗 Ecoagricultor: Beneficios: https://www.ecoagricultor.com/principios-y-beneficios-de-la-agricultura-%20organica/
2	➡ Baseándovos en produtos que reúnan esas características, tedes que pensar en pratos de verduras para o voso menú. ✎ Elixide, polo menos, tres primeiros pratos a base de verduras (non soamente ensaladas). Podedes atopar unha lista de produtos ecolóxicos nesta ligazón: 🔗 Biográ: https://biogra.eco/productos-bio/#leermas
3	➡ Xa podedes incluír os vosos primeiros pratos de verduras no voso menú en Smore, xunto cun texto tratando de convencer aos vosos potenciais clientes sobre os beneficios da agricultura ecolóxica. ✎ Cando rematedes, enviade o enlace do voso Smore á aula virtual (debe ter perfil público para que se poida abrir).





	Insuficiente - 1	Ben - 2	Moi ben - 3
Gramática e ortografía	Practicamente todo está en castelán ou se está en galego ten máis de seis faltas gramaticais ou ortográficas.	O texto é bastante claro e ten menos de tres faltas gramaticais ou ortográficas.	O texto é claro e está ben estruturado. Está en correcto galego e sen faltas gramaticais e ortográficas.
Uso das TICs	O traballo é demasiado plano e non recolle a maioría dos elementos principais.	O traballo é bastante correcto, pero omite algúns elementos (título, imaxes...); o deseño é bastante plano.	O traballo é orixinal e contén os elementos principais (título, texto, imaxes...).
Contidos	Toda a información foi copiada sen elaborar e a maioría dos datos requiridos están ausentes.	Algúns datos son incorrectos, falta información ou foi directamente copiada da rede.	Toda a información (propiedades nutricionais dos cereais, beneficios da produción ecolóxica...) é correcta e foi elaborada polo grupo.
Explicación	Unicamente presentan información básica, sen analizar ou avaliar.	Tan só comparan e avalían, sen achegar argumentos elaborados para explicar as súas decisións.	Analizan e avalían para tomar decisións, dando argumentos elaborados para explicar por que os pratos que elixiron son bos para os seus clientes.